# O PINGÜÍN

Tamén reciben o nome de paxaros bobos. Son aves acuáticas non voadoras do hemisferio sur, non son paxaros pero son aves, teñen plumas e poñen ovos.



A maioría dos pingüíns teñen o peito branco e o lombo e a cabeza negros. Moitas especies teñen manchas vermellas, laranxas ou amarelas na cabeza ou no pescozo. Teñen as patas moi curtas e moi atrás, por eso cando están na terra, andan dereitos.

O seu corpo está protexido por unha plumaxe impermeable ademais dunha coraza de graxa que, ademais de preservalos do frío, é unha boa reserva de enerxía para as épocas duras. De feito nadan nunhas augas tan frías nas que o home, se se atrevese a nadar alí sen protección, daría unhas pouquiñas brazadas pero xa non podería saír para contalo. Algunhas especies pasan a maioría do tempo na auga, so van a terra na época de cría ou para mudar de plumas.



As ás transformáronse en aletas e as plumas das ás son curtas, o que non lles permite voar, pero sonlle moi útiles na auga. Sérvenlle de aletas e os pés de timón. Teñen o pico longo e puntiagudo, o que lles é moi útil para pescar e ademais sérvelles de defensa se se senten atacados. Tamén son perigosas as aletas. Un pingüín emperador pode romperlle unha perna a alguén dun aletazo.

Existen 18 especies diferentes de pingüíns que na súa maior parte viven na Antártida. Outros habitan as costas de Australia, Sudáfrica e Sudamérica, así como as das Illas Galápagos (Ecuador). O seu tamaño varía; o meirande de todos é o pingüín emperador que pode chegar a pesar ata 45 kg e a medir 1'20 m de alto. O máis pequeno é o "Penacho amarelo" que non alcanza o medio metro de altura e pesa sobre 2 kg.



Aniñan unha vez o ano e ós poucos días de nacer os pichóns mándanos a colonias, "guarderías" de pichóns, onde se reúnen formando colonias de millóns deles.

Os pingüíns, aínda que non son cazados directamente polo home, si é o home o causante dos seus problemas; son extremadamente



sensibles ós vertidos de petróleo, e tamén son afectados polo quentamento da terra que está a derreter os polos. De feito, colonias enteiras de pingüíns xa desapareceron por esta razón e non parece probable que poidamos salvalos.

Outros perigos que corren son os de ser cazados polos leopardos mariños e os tiburóns. Os ovos e os pichóns frecuentemente son víctimas das gaivotas, as ibis, os raposos polares, os lagartos ou as serpes.

## COMPRENSIÓN

**1. Contesta**

Por que outro nome coñecemos ó pingüín?

.............................................................................................................................................
.

¿A que se debe que os pingüíns poidan andar dereitos?

.............................................................................................................................................
.

.............................................................................................................................................
.

¿Por que non poden voar?

.............................................................................................................................................
.

.............................................................................................................................................
.

¿En que lugares poderías atopar pingüíns?

.............................................................................................................................................
.

.............................................................................................................................................
.

¿Cales son os principais perigos que corren os pingüíns?

.............................................................................................................................................
.

.............................................................................................................................................
.

Os pingüíns poden nadar en augas moi frías ¿por qué?

.............................................................................................................................................
.

.............................................................................................................................................
.

**2. Pon V (verdadeiro) ou F (falso) nas seguintes afirmacións:**

**Os pingüíns**

___ non son aves

___ non son paxaros

___ Os pés sérvenlle de timón

___ Son paxaros acuáticos

___ Teñen o lombo branco e o peito negro

___ Cando son pequenos van a gardería

___ O pico sérvelle para pescar e de defensa



**3. Completa:**

Existen ............................................ diferentes de pingüíns que na súa maior parte viven ......................................................................... Outros habitan as ......................................................................................................................................................, así como ......................................................................................... O seu tamaño varía; o meirande de todos é ............................................................. que pode chegar a pesar ata ...................................... e a medir ...................................... de alto. O máis pequeno é o ....................................................... que non alcanza o ................................. de altura e pesa ...............................

## ACTIVIDADES

**1. Ordena as seguintes frases para formar un texto con sentido similar a un que aparece na lectura**

/van a terra soamente para mudar de plumas/ /e xa non podería saír para contalo./ /Nadan nunhas augas tan frías/ /está cuberto por unha plumaxe impermeable/ /O corpo dos pingüíns/ /nas que o home, se se metese,/ /de enerxía para as épocas duras./ /e por unha capa de graxa/ /que os preserva do frío/ /daría unhas pouquiñas brazadas/ /Algunhas especies pasan a maioría do tempo na auga,/ /e na época da cría./ /e é unha boa reserva/

.........................................................................................................................................................

.........................................................................................................................................................

.........................................................................................................................................................

.........................................................................................................................................................

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

**2. Ordena estas letras para formar palabras que aparecen na lectura:**

laeats ........................................ dAtrtainá ........................................

dagareísr ........................................ ótiurnsb ........................................

**3. Escribe frases con elas. Intenta escribir unha frase de 4 palabras, unha de 5, unha de 6 e unha de 7.**

.......................................................................................................................................................
.

.......................................................................................................................................................
.

..............................................................................................................................................................

..............................................................................................................................................................

..............................................................................................................................................................

..............................................................................................................................................................

## 4. Relaciona as sílabas e forma palabras:

| | | | |
|---|---|---|---|
| plu | güín | nias | .............................................. |
| co | xa | ___ | .............................................. |
| a | bo | xe | plumaxe |
| ti | ma | ro | .............................................. |
| pin | bu | tas | .............................................. |
| bo | lo | rón | .............................................. |
| pa | le | ___ | .............................................. |

## 5. Separa e escribe as palabras destas frases:

Amaioríadospingüínsteñenopeitobrancoeolomboeacabezanegros.

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

Oseucorpoestáprotexidoporunhaplumaxeimpermeable.

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

Amaiorpartedospingüínsvivennaantártida.

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

**6. ¿Serás quen de atopar as palabras do recadro?**

pingüín, plumaxe, Antártida, emperador, colonias, aletas



| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | E | P | L | U | M | A | X | E | D | R |
| S | A | E | N | F | E | I | A | E | R | A |
| A | S | N | O | R | M | I | N | N | O | L |
| I | S | I | T | S | P | A | I | E | M | E |
| N | A | S | A | A | E | Ñ | Ü | C | E | T |
| O | A | E | D | O | R | A | G | S | D | A |
| L | S | A | D | A | A | T | N | E | A | S |
| O | A | E | A | E | D | E | I | D | R | C |
| C | M | E | X | T | O | R | P | D | I | R |
| S | D | E | M | C | R | M | E | L | A | A |

**7. Rodea os pingüíns iguais ó do modelo.**





**8. Le o seguinte texto sen mover a cabeza e dando saltos coa vista de punto en punto.**

As ás transformáronse en aletas e as plumas das ás son curtas, o

• • • •

que non lles permite voar, pero sonlle moi útiles na auga. Sérvenlle

• • • •

de aletas e os pés de timón. Teñen o pico longo e puntiagudo, o que

• • • •

lles é moi útil para pescar e ademais sirvelles de defensa se se

• • • •

senten atacados. Tamén son perigosas as aletas.

• • •

9. Le as frases cortadas e escribeas:

A maioría dos pingüíns teñen o peito branco e o lombo e a cabeza negros

Existen 18 especies diferentes de pingüíns

Tamén reciben o nome de paxaros bobos

Teñen as patas moi curtas e moi atrás

10. Elixe unha destas dúas opcións e escribe sobre ela:

*“A gardería dos pingüíns”*

*“A miña primeira escola”*

........................................................................................................................................................................................................

.

........................................................................................................................................................................................................

.

........................................................................................................................................................................................................

.

........................................................................................................................................................................................................

.

........................................................................................................................................................................................................

.

........................................................................................................................................................................................................

.